

ANÁLISE DO MODELO DE ASENTAMENTO POBOACIONAL

MEMORIA

DIRECTOR DO EQUIPO REDACTOR

MANUEL EDUARDO LÓPEZ VÁZQUEZ
Arquitecto

EQUIPO REDACTOR

MANUEL ANGEL LOPEZ REAL
Arquitecto Técnico

BELINDA YEPES JIMÉNEZ
Enxeñeira de Montes

JOSÉ ANTONIO MAIRA MÉNDEZ
Enxeñeiro Agrónomo

A s e n t a m e n t o p o b o a c i o n a l

Aprobación inicial - Marzo 2.013

ÍNDICE

1.	INTRODUCCIÓN.....	3	2.5	Edificacións tradicionais	29
1.	SISTEMA DE ASENTAMENTOS NO MUNICIPIO DE FRIOL	4	2.6	Definición do sistema de núcleos	29
1.1	EVOLUCIÓN HISTÓRICA DO TERRITORIO	4	3.	ANALISE DOS ASENTAMENTOS.	34
1.1	A ESTRUCTURA DAS PARROQUIAS	5	4.	FICHAS Y PLANOS	39
1.1.1	A poboación nas parroquias	5			
1.1.2	Evolución histórica da poboación nas parroquias.....	6			
1.2	OS NÚCLEOS RURAIS	7			
1.2.1	Características dos asentamentos.....	7			
1.2.2	Actividade edificatoria.	13			
1.2.3	Estrutura do viario	14			
1.2.4	Usos complementarios.	15			
1.2.5	Espazos libres e equipamentos.	16			
1.2.6	Servizos urbanísticos.	18			
2.	CARACTERÍSTICAS DAS CONSTRUCIÓN TRADICIONAIS	19			
2.1	ELEMENTOS DA UNIDADE RESIDENCIAL-PRODUCTIVA	19			
2.2	EDIFICACIÓN RESIDENCIAIS	19			
2.2.1	Tipoloxías das vivendas	19			
2.2.2	Tipoloxías das construcións adxetivas: Alpendres, muíños e hórreos.	23			
2.2.3	Peche de parcelas.	24			
2.3	SISTEMA DE ASENTAMENTO POABOACIONAL DO PXOM.	28			
2.1	Topónimo:.....	28			
2.2	Criterio de núcleo rural	28			
2.3	Planeamento vixente:.....	28			
2.4	Consolidación pola edificación.....	28			

Asentamento poboacional

Aprobación inicial - Marzo 2.013

1. INTRODUCCIÓN.

O carácter singular do modelo de asentamento en Galicia, caracterizado pola dispersión e multiplicidade dos asentamentos poboacionais, fai que sexa necesario un estudio coidadoso e detallado do mesmo, cobrando especial importancia dentro do marco legislativo galego, tal e como refléxase no artigo 61, apartado 3 de a Lei 9/2002, de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

Esta situación xeral se pode trasladar perfectamente ó concello de Bóveda, e por eso, o estudio do modelo de asentamento poboacional constitúe dentro do Plan Xeral de Ordenación Municipal un documento independente, contribuíndo a esto a singularidade do asentamento neste Concello, caracterizada pola gran variedade de asentamentos, condicionados fundamentalmente por o entorno en que se ubican.

O análise do asentamento poboacional se realizará tal e como recomenda a Lei de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, e segundo os critrios definidos nas Directrices de Ordenación do Territorio (DOT), determinándose as medidas que se adoptan para a preservación e millora do medio rural, definindo os elementos que o constitúen, a inserción no marco comarcal (Comarca de Sarria), a división parroquial, cédula fundamental da organización social e territorial do medio rural de Galicia, e o sistema de núcleos de poboación e a súa relación co medio natural ou productivo. Cada núcleo será obxeto dun análise detallado, no que se pondrán en relación tódolos puntos descritos anteriormente, así como a súa influencia no tipo de asentamento, tipoloxías arquitectónicas, etc..

1. SISTEMA DE ASENTAMENTOS NO MUNICIPIO DE FRIOL

1.1 EVOLUCIÓN HISTÓRICA DO TERRITORIO

As terras de Friol foron colonizadas polos romanos, o que non resulta estraño, xa que tendo en conta que a capitalidade do convento xurídico lucense era Lucus Augusti, permite supoñer que estas terras foron romanizadas en época temperá. De tódolos xeitos, que en tempos pre romanos debeu ser unha bisbarra importante, demostrao o grande número de mámoas descubertas nel.

Posiblemente os romanos utilizaron os castros construídos por poboacións anteriores como lugares de Campamento, especialmente o de Trasmonte, que ten unha gran capacidade, e que serviría de defensa de Lugo.

Máis tarde chegaron os visigodos, dos que quedan abundantes recordos na toponimia, como Argerei, Ascariz, Gimondriz, Guldriz, Nobigilde, Recarey, Remesil, Guimarey, e varios outros. Destes tempos data o condado de Narailiensis ou De Narla, cos seus límites perfectamente sinalados nunha das actas do concilio lucense celebrado no ano 569.

O condado neses tempos estendía os seus límites polas provincias de A Coruña e de Lugo. A súa capitalidade ignórase, aínda que a existencia da parroquia de San Martiño de Condes pode permitir supoñer que estivo radicada nesta parroquia.

Como derivadas do condado de Narla, a foros facendo algunhas ramas de condados novos, como os de Mera, Parga ou Presares. Este, aínda que non chegou a alcanzar a fama que había de lograr a Casa de Parga, tiña unha grande extensión territorial, pois comezaba no monte de "A Cova de Serpe" e pasaba por Aranga, Melide e as terras de Montaos, Bergantiños e outras. Na época medieval, tamén estas terras foron obxecto das loitas, preitos e inxustizas por parte dos señores feudais.

A historia do actual municipio de Friol está vinculada á dos enfrontamentos e interese dos seus antigos señores, se ben estas terras tiveron xa importancia antes da época feudal. Friol foi un dos condados máis ricos de toda a provincia de Lugo durante a estanza dos suevos, aínda que solo fragmentaría e parcialmente poden rastrexarse os feitos sucedidos na terra de Friol por aqueles tempos.

Asentamento poboacional

Aprobación inicial - Marzo 2.013

1.1 A ESTRUCTURA DAS PARROQUIAS

O Concello de Friol concentra no seu territorio 32 parroquias e 304 entidades singulares recoñecidas. As distintas poboacións se unen entre si a través dunha densa rede de viais que se intensifica ou esponxa dependendo da súa implantación xeográfica, sendo esta mais densa en zonas chairas ou de morfoloxía suave de relevo e menos imbricada nas áreas mais abruptas e de orografía mais acentuada.




1.1.1 A poboación nas parroquias

As parroquias que posúen maior número de entidades singulares de poboación son Santa María de Xiá (36), San Martiño de Condes (26), San Mamede de Nodar (21) e San Xulián de Carballo (15), e as menos San Xulián de Friol (1), Santa María de Lamas (1), Santa Cruz de Serén (3) e Santa María de Guimarei e San Cibrao (4).

As catro parroquias con maior extensión xeográfica son Santa María de Xiá, San Mamede de Nodar, San Pedro de Narla e San Xulián de Carballo, e as menores son Santa Eulalia de Madelos, Santa María de Ramelle, San Xulián de Roimil e Santa Cruz de Serén.

PARROQUIAS	Nº ENTIDADES	POBLACIÓN Hab	VIVIENDAS Nº	EXTENSIÓN Km2	DENSIDADE POBLACIÓN Hab/Km2	DENSIDADE VIVIENDAS Viv/Km2
ANAFREITA (SAN PEDRO)	10	48,0	43,0	8,1	5,9	5,3
ANXERIZ (SANTA MARIA)	9	83,0	87,0	7,5	11,1	11,6
BRA (SAN MARTIÑO)	5	38,0	41,0	4,3	8,8	9,5
CARBALLO (SAN XIAO)	15	171,0	117,0	18,1	9,4	6,5
CARLÍN (SANTA MARÍA)	6	57,0	48,0	10,6	5,4	4,5
COTÁ (SAN MARTIÑO)	26	176,0	105,0	17,5	10,1	6,0
FRIOL (SAN XIAO)	8	579,0	425,0	11,9	48,7	35,7
GUIMAREI (SANTA MARÍA)	7	51,0	32,0	7,5	6,8	4,3
GULDRIZ (SANTIAGO)	1	98,0	52,0	5	19,6	10,4
LAMAS (SANTA MARÍA)	4	46,0	29,0	8,7	5,3	3,3
LEA (SAN XURXO)	6	106,0	70,0	8,7	12,2	8,0
MADELOS (SANTALLA)	1	53,0	24,0	5,6	9,5	4,3
MIRAZ (SANTIAGO)	8	127,0	110,0	6,9	18,4	15,9
NARLA (SAN PEDRO)	5	207,0	161,0	1,4	147,9	115,0
NODAR (SAN MAMEDE)	6	231,0	132,0	12,5	18,5	10,6
OUSÁ (SAN XIAO)	13	142,0	95,0	18,7	7,6	5,1
PACIO (O) (SANTA MARÍA)	21	104,0	59,0	20	5,2	3,0
PRADO (SAN MARTIÑO)	13	104,0	82,0	13,1	7,9	6,3
RAMELLE (SANTA MARIA)	8	78,0	52,0	8,7	9,0	6,0
ROCHA (SAN COSMEDE)	10	89,0	51,0	7,5	11,9	6,8
ROIMIL (SAN XIAO)	5	121,0	99,0	2,5	48,4	39,6
SAN CIBRAO DA PREGACION (SAN CIBRAO)	5	41,0	49,0	6,2	6,6	7,9
SAN MARTIÑO DE CONDES (SAN MARTIÑO)	9	375,0	208,0	3,1	121,0	67,1
SANTALLA DE DEVESA (SANTALLA)	4	86,0	63,0	3,7	23,2	17,0
SEIXÓN (SAN PAIO)	7	86,0	64,0	6,2	13,9	10,3
SEOANE DA PREGACIÓN (SAN XOÁN)	5	56,0	33,0	6,2	9,0	5,3
SERÉN (SANTA CRUZ)	3	26,0	10,0	3,1	8,4	3,2
SILVELA (SANTA MARÍA)	14	129,0	70,0	10,6	12,2	6,6
TRASMONTE (SANTIAGO)	7	91,0	65,0	8,1	11,2	8,0
VILAFIZ (SANTA MARÍA)	10	64,0	44,0	10	6,4	4,4
VILALVITE (SAN PEDRO)	14	180,0	145,0	11,2	16,1	12,9
XIÁ (SANTA MARÍA)	36	359,0	201,0	25	14,4	8,0
TOTAL MUNICIPIO	312	4202,0	2866,0	295,1	20,9	14,6



Na táboa pódese ver en cores verdes, aquelas parroquias mais poboadas, con valores superiores á media, mentres que en cores laranxas, as mais despoboadas.

1.1.2 Evolución histórica da poboación nas parroquias

Como soe ser habitual en toda Galicia, a poboación ten unha tendencia negativa, cun incremento ó envellecemento. No obstante no caso de Friel, aínda que os índices de natalidade son moito inferiores os de mortalidade estase a producir un importante aumento poboacional de cara ós novos efectivos poboacionais vidos dos Concellos limítrofes (por exemplo Lugo), que estase a producir por exemplo nas parroquias do Este do Concello.

Así poderíamos observar como en Cotá, Madelos, Roimil, ou Devesa que contaban con descensos poboacionais ó inicio da década, estase a recuperar, para rematar cun saldo positivo nos últimos tres anos.

	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	
ANAFREITA (SAN PEDRO)	72	68	65	62	62	60	56	56	50	49	48	48	-24
ANXERIZ (SANTA MARIA)	101	105	104	105	104	101	95	97	94	92	90	83	-18
BRA (SAN MARTIÑO)	44	45	46	41	40	41	40	37	36	34	37	38	-6
CARBALLO (SAN XIAO)	196	201	208	202	194	189	183	188	182	181	178	171	-25
CARLIN (SANTA MARIA)	74	70	71	66	66	66	59	59	57	57	55	57	-17
COTA (SAN MARTIÑO)	163	161	158	163	165	173	170	171	169	172	173	176	13
FRIOL (SAN XIAO)	654	641	617	606	619	612	609	618	607	590	573	579	-75
GUIMAREI (SANTA MARIA)	56	55	57	53	53	52	53	54	54	53	53	51	-5
GULDRIZ (SANTIAGO)	109	109	106	103	102	102	101	100	100	96	94	98	-11
LAMAS (SANTA MARIA)	59	53	49	50	41	42	43	43	44	45	45	46	-13
LEA (SAN XURXO)	125	121	124	123	121	119	114	109	107	108	105	106	-19
MADELOS (SANTALLA)	52	53	53	51	51	51	52	54	56	55	52	53	1
MIRAZ (SANTIAGO)	152	151	148	148	147	145	138	141	134	130	128	127	-25
NARLA (SAN PEDRO)	251	257	258	252	239	236	237	233	236	220	210	207	-44
NODAR (SAN MAMEDE)	279	275	271	268	253	256	244	249	246	248	238	231	-48
OUSA (SAN XIAO)	168	164	163	159	155	156	153	150	155	151	146	142	-26
PACIO (O) (SANTA MARIA)	146	138	129	127	125	118	115	110	109	111	108	104	-42
PRADO (SAN MARTIÑO)	122	121	117	120	116	115	122	121	114	108	110	104	-18
RAMELLE (SANTA MARIA)	96	95	93	92	87	86	85	84	82	77	77	78	-18
ROCHA (SAN COSMEDE)	107	105	103	101	105	100	104	110	103	98	98	89	-18
ROIMIL (SAN XIAO)	118	118	118	118	120	120	126	129	126	126	121	121	3
SAN CIBRAO DA PREGACION (SAN CIBRAO)	49	48	47	47	48	44	44	47	43	42	42	41	-8
SAN MARTIÑO DE CONDES (SAN MARTIÑO)	436	439	429	425	415	413	411	402	397	386	381	375	-61
SANTALLA DE DEVESA (SANTALLA)	85	88	89	84	84	81	80	91	93	92	89	86	1
SEIXON (SAN PAIO)	111	108	111	102	98	93	92	91	91	91	85	86	-25
SEOANE DA PREGACION (SAN XOAN)	65	66	65	62	61	62	62	63	61	61	60	56	-9
SEREN (SANTA CRUZ)	32	32	31	32	30	30	27	26	26	26	26	26	-6
SILVELA (SANTA MARIA)	169	164	163	157	152	147	144	149	142	133	130	129	-40
TRASMONTA (SANTIAGO)	95	91	90	91	95	96	98	96	98	96	94	91	-4
VILAFIZ (SANTA MARIA)	78	75	76	73	76	75	74	76	73	69	66	64	-14
VILALVITE (SAN PEDRO)	151	149	151	157	156	156	163	173	169	180	172	180	29

Asentamento poboacional

Aprobación inicial - Marzo 2.013

XIA (SANTA MARIA)	422	418	419	406	400	396	396	377	376	371	361	359	-63
-------------------	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----

No obstante as gráficas reflexan unha estatística diferente tendo en conta o cómputo global do Concello, cun saldo negativo. Ditos datos non se consideran representativos, tanto pola elevada extensión do Concello (300Km²), como polo elevado número de entidades singulares que ten o concello (mais de 300).

As estatísticas de Padrón poboacional non se corresponden en moitos casos ca demanda, expresada mediante a solicitude de licenzas urbanísticas, polo que serán tidas en conta para o caso de detectar os crecementos nos núcleos.

1.2 OS NÚCLEOS RURAIS

Segundo INE distínguense un total de 304 entidades singulares recoñecidas, non atopándose na actualidade todas elas habitadas.

A toponimia oficial de Galicia distingue un número superior, 339, moitos deles conformando barrios, pertencentes a entidades do nomenclátor.

As distintas poboacións únense entre si a través dunha densa rede de viais que se intensifica ou se esponxa dependendo da súa implantación xeográfica, sendo esta máis densa en zonas chairas ou de morfoloxía suave de relevo e menos imbricar en áreas máis abruptas e de orografía máis acentuada.

Unha constante nos núcleos rurais é a dispersión das súas estruturas urbanas, que na súa gran maioría non chegan a conformar espazos comúns recoñecibles de desfrute colectivo. A gran maioría estrutúranse e desenvolven baseándose nun camiño e a extensa rede que os une constitúe a base das súas relacións. Esta rede é mallada e moi densa. Achámonos ante un municipio extenso, con topografía contrastada e identidades morfolóxicas afíns a outros municipios da zona central da meseta lucense. A ocupación do espazo é moito máis intensa nas áreas centrais, o número de núcleos é así mesmo maior, o seu tamaño máis pequeno e a súa estrutura máis variada. A maioría dos núcleos pertencen de tal forma ao sector central, que posúe unha topografía menos abrupta. Este é un sector con características físicas e humanas homoxéneas.

1.2.1 Características dos asentamentos.

1.2.1.1 Distribución da poboación no territorio

O alto número de entidades de poboación dá idea de que a ocupación dos espazos polos asentamentos rurais é moi intensa e case continua. Non existen áreas extensas que poidan clasificarse de baleiros demográficos, aínda que se observen pequenos ocos sen núcleos de poboación, que corresponden en xeral a zonas non cultivadas de topografía máis abrupta cunha altitude superior á do seu ámbito.

De aí que poidamos deducir que a ocupación máis intensa do espazo se relaciona coa topografía relativamente suave e unha grande extensión de terreo cultivable.

Polo tanto, a maioría dos asentamentos localízanse en sectores de topografía deprimida, e únense entre si a través dunha rede de viais mallada que se intensifica ou se esponxa dependendo da densidade da súa implantación xeográfica, supoñendo esta rede de camiños a base das súas relacións.

A multiplicación dos núcleos e o seu pequeno tamaño non debe facernos pensar que nos atopamos ante un dos clásicos exemplos de hábitat disperso: cada núcleo pode ser individualizado dos demais aínda que o seu

Asentamento poboacional

Aprobación inicial - Marzo 2.013

tamaño sexa pequeno, disten pouco entre si e o número de casaríos illados sexa respectable.

1.2.1.2 A poboación e os núcleos rurais

Se poden distinguir dous ámbitos territoriais claramente definidos dentro do Concello, os residentes en núcleos e os residentes en diseminado, sendo a primeira un dato moi inferior ó diseminado.

ASENTAMENTO DA POBOACIÓN	PORCENTAXE
POBLACIÓN EN NÚCLEOS	31.79
POBLACIÓN EN DISEMINADO	68.21

1.2.1.3 Morfoloxía

O tamaño dos asentamentos é pequeno, existindo moitos de 2 a 5 casas e son relativamente frecuentes os casaríos illados ou os núcleos con algunha casa máis ou menos solta.

Algunhas casas están deshabitadas, algúns casaríos illados non aparecen na Toponimia, e algúns núcleos tiñan en estatísticas máis antigas un número de vivendas algo maior do que posúen na actualidade.

En ocasións algúns asentamentos están formados por varios subnúcleos, o que complicou a súa identificación correcta nas zonas de maior densidade de asentamentos pola dificultade de atribuír os distintos grupos de casas a un ou outro núcleo xa que corresponden nuns casos a entidades únicas e noutros a entidades polinucleares.

O que marca a tónica dominante nos asentamentos é a aldea, xeralmente de pequeno tamaño e estrutura interna variada, con predominio das compactas e moi compactas:

- Obsérvanse en moitos casos pequenos asentamentos de estrutura moi compacta.
- Os de estrutura compacta, aínda sendo tan frecuentes como os anteriores, forman conxuntos menos caracterizados.
- Os asentamentos de estrutura laxa, cun ou máis núcleos son menos frecuentes.

En conxunto podemos afirmar que a disposición interna destes núcleos se caracteriza por certa compactidade, pois o pequeno tamaño de moitas aldeas (2,3 ou 4 casas nada máis) impediu a súa caracterización como moi compactas aínda que as súas casas estivesen bastante próximas.

En resumo existen un total de 304 entidades poboacionais segundo o Nomenclator, das cales, se reparten do seguinte xeitos:

DENOMINACIÓN	NÚMERO DE VIVENDAS	Nº ENTIDADES	PORCENTAXE
Casal	1	56	18
Aldeas	2	43	14
	3 ou máis	205	67

Os núcleos soen ser de tamaño medio, de entre 5 e 10 vivendas. As veces, estes atópanse moi agrupados, conformado varios topónimos unha única agrupación.

O estudio do modelo de asentamento basase nas defuncións establecidas polas Directrices de Ordenación do Territorio, en función do reparto da poboación e da forma de vida, qque axudara a comprender a variedade existente no concello, dada a súa grande extensión xeográfica.

- a) Mononuclear moi compacto: asentamento ben definido, de gran proximidade nos elementos constituintes, de límites nítidos e forma circular ou tendente ao circular. Pouco representado no Concello, a bondade da topografía evita a existencia deste tipo de asentamento. Podémonos atopar estes tipos de núcleos nas zonas mais orientais, colindante ca provincia de A Coruña, onde un relevo mais abrupto leva consigo a formación de núcleos mais pequenos e recollidos. O tamaño moi pequeno destes núcleos fai difícil a identificación destas estruturas pechadas, o case non existir rueiros.



- b) Mononuclear pouco compacta: asentamento no que existe unha certa separación entre as distintas casas por pequenos anacos de terreos libres, pequenas hortas. Forma tendente ao circular e límites nítidos. Esta morfoloxía, moi habitual no Concello, atópase entre a transición de zonas montañosas e val ou chairas, o que abrangue unha parte importante do territorio, e presenta a morfoloxía mais habitual.

Asentamento poboacional

Aprobación inicial - Marzo 2.013



- c) Mononuclear laxa: asentamento no que os seus elementos presentan unha maior separación entre as vivendas (30 a 70 m), con formas indeterminadas, tamaño pequeno e límites pouco nítidos. Este tipo é frecuente nos núcleos atravesados por unha estrada de certa importancia. Moi habitual nos núcleos de tradición avícola, ubicadas cerca do núcleo urbano de Friol, a carón das estradas autonómicas e provinciais.




- d) Mononuclear disperso: entidades cos edificios moi separados, formas indeterminadas e límites difíciles de establecer. Moitas veces trátase de casais bastante separados que aproveitan un val, o río, así como as estradas de certa relevancia. Esta tipoloxía aparece asociada a núcleos tradicionais que creceron recentemente ao longo de estradas de certa importancia. Moi habitual na zona central de Friol, que acadan maior importancia cos novos desenvolvementos.
- e) Enxame: tipo polinuclear con grupos de casas separadas entre si con edificacións intercaladas. Límites pouco claros; ocupa amplas extensións sobre unha topografía pouco accidentada, e son agrupacións cun mínimo de 15 vivendas e un máximo que supera as 100. Posúe un grao avanzado de dispersión do núcleo mesturando grupos de casas máis ou menos compactas con casas independentes entre elas. Pode ter varios topónimos que identifican distintos sectores. Este tipo de entidade está relativamente ben definida no espazo e recoñecida polos seus habitantes. Pouco representada, dado o tamaño pequeno dos núcleos rurais, mais parellos os tipos mononucleares.



- f) Polinuclear bastante compacta: entidade formada por dous ou máis núcleos separados xeralmente por un accidente topográfico de pouca relevancia. Estrutura articulada coa existencia de varios núcleos pero de menor tamaño e superficie que a de enxame. As formas poden ser diversas e a súa morfoloxía queda pouco definida. Na actualidade existen certas entidades mononucleares que se transformaron nunha destas tipoloxías por incidencia da proximidade de vías de comunicación ao producirse o seu desdoblamento ou multiplicación polo seu crecemento, que no pasado obedecería ao aumento da poboación ou as novas cavas do espazo de cultivo. Habitual no Concello, nas zonas mais accidentadas, as casas agrúpanse, pero situándose a pequenas distancias.




- g) Polinuclear laxa: a estrutura particular de cada un dos núcleos que configura o conxunto é de tipo laxo. É a aldea con varios núcleos e o casarío claro.



De esquerda a dereita,
Seixón de arriba, de abaixo,
Sucampo e Cela (Parroquia
de Seixón)

- h) Núcleo compacto e con vivendas diseminadas: asentamento no que dunha das súas partes, normalmente a central, que constitúe o enclave orixinal, de estrutura compacta, se segregan casas como consecuencia da súa dinámica evolutiva ao longo dunha vía de comunicación ou de xeito aleatorio. Forma circular ou indeterminada, límites pouco definidos e fácil de confundir cos asentamentos veciños. O pequeno tamaño das entidades do Concello fai que non se detecten estes tipos.

En resumo e para o Concello, a meirande parte dos núcleos de mais de tres vivendas, pertencen os tipos mononucleares, e principalmente as estruturas pouco compactas, con importante dispersión das súas edificacións.



1.2.1.4 Parcelario e estrutura da propiedade.

O parcelario soe acadar grandes dimensións en practicamente todo o Concello, acentuándose a división en partes mais pequenas nas zonas rurais de topografía mais complexa, como é habitual.

O mais identificativo, dada a fertilidade do Concello, soe ser grandes agras de praderías, divididas polas sebes, mais que por peches tradicionais. Segundo os datos catastrais adxuntos, obtense para o total do catastro de rústica unha superficie media de 5.418 m² por parcela.

Número de titulares 6.385

número de parcelas 53.436
Número de subparcelas 66.702
Superficie total (ha) 28.952

As dimensións son elevadas, incluso nos propios núcleo rurais, onde a media das parcelas medias nos núcleos históricos tradicionais é de 1.360 e no núcleo de tipo común e de 2.641.

PARROQUIA	Promedio Parcela Mínima SNHT	Promedio Parcela Mínima SNC
ANAFREITA (SAN PEDRO)	1.103	1.827
ANXERIZ (SANTA MARIA)	1.037	1.304
BRA (SAN MARTIÑO)	1.102	2.716
CARBALLO (SAN XIAO)	1.150	2.335
CARLÍN (SANTA MARÍA)	1.200	2.888
COTÁ (SAN MARTIÑO)	1.490	2.082
FRIOL (SAN XIAO)	1.685	3.326
GUIMAREI (SANTA MARÍA)	1.774	2.900
GULDRIZ (SANTIAGO)	1.523	2.861
LAMAS (SANTA MARÍA)	1.852	1.506
LEA (SAN XURXO)	1.337	4.076
MADELOS (SANTALLA)	1.309	1.505
MIRAZ (SANTIAGO)	1.350	1.850
NARLA (SAN PEDRO)	1.271	2.965
NODAR (SAN MAMEDE)	1.214	2.043
OUSÁ (SAN XIAO)	1.535	2.688
PACIO (O) (SANTA MARÍA)	1.464	4.095
PRADO (SAN MARTIÑO)	1.532	3.154
RAMELLE (SANTA MARIA)	1.323	2.712
ROCHA (SAN COSMEDE)	1.525	4.192
ROIMIL (SAN XIAO)	1.325	1.900
SAN CIBRAO DA PREGACION (SAN CIBRAO)	1.492	2.870
SAN MARTIÑO DE CONDES (SAN MARTIÑO)	1.265	2.403
SANTALLA DE DEVESA (SANTALLA)	1.911	2.975
SEIXÓN (SAN PAIO)	1.352	2.188
SEOANE DA PREGACIÓN (SAN XOÁN)	1.411	2.102
SERÉN (SANTA CRUZ)	1.308	2.750
SILVELA (SANTA MARÍA)	1.481	1.636
TRASMONTA (SANTIAGO)	1.272	1.928

Asentamento poboacional

Aprobación inicial - Marzo 2.013

VILAFIZ (SANTA MARÍA)	1.268	1.090
VILALVITE (SAN PEDRO)	1.479	3.482
XIÁ (SANTA MARÍA)	1.218	2.206
Total general	1.360	2.641

1.2.2 Actividade edificatoria.

O carácter predominante da vivenda é de tipo unifamiliar, que abarca o 97% da tipoloxía existente no Concello, que mis adiante pasaremos a analizar.

Estas vivendas destínanse á vivenda principal, sendo escasa a presenza de vivendas destinadas a segunda residencia, que supón o 10% do parque de vivendas, e de maior representatividade as vivendas que segundo o censo atópanse baleiras (17%).

Tipoloxía		Total
Vivendas familiares		2.182
Principais		1.586
Non principais	Secundarias	234
	Baleiras	362
	Outras	0

O ratio das vivendas secundarias é parecido á media comarcal, ademais de ser un valor habitual nos Concellos de interior, e limítrofes a grandes áreas urbanas, nos que os datos se manteñen por debaixo do 15%, moi diferente os datos recollidos por exemplo nos Concellos situados na costa, que oscilan entre o 25 e 50% de vivendas secundarias sobre o total.

O datos da vivenda baleira é moi parecido á media, ca diferenza que estes datos non se axustan á vivendas baleiras procedentes de inversores de novas promocións urbanísticas, senón ó despoboamento do medio rural, co consecuente abandono das edificacións tradicionais.

1.2.2.1 Licenzas urbanísticas

Do análise do Censo, xunto cos datos de licenzas obtemos unha media de construción de vivendas de 13 vivendas anuais.

A solicitude de vivendas e o tipo de licenza concedida (Obra nova ou reforma, rehabilitación, etc...) atópase moi condicionada á ubicación no territorio, así por exemplo á demanda de vivenda de nova construción atópase moi vencellado ademais do propio núcleo urbano de Friol, as parroquias colindante co Concello de Lugo, dada a emigración que pouco a pouco estase a detectar desde este Concello a Friol. É notable o número de licenzas ubicadas en Xía, lóxico ó tratarse dunha parroquia cun alto número de entidades poboacionais e moi extensa.

PARROQUIA	NÚMERO DE LICENZAS DE NOVA PLANTA
Anafreita	1
Anxeriz	1
Condes	4
Cota	2
Cotá	4
Devesa	4
Friol	11
Guimarei	1
Lea	1
Narla	3
Nodar	1
Ousa	2
Rocha	1
Roimil	2
Silvela	1
Villafiz	1
Villalvite	8
Xiá	5

En canto as obras de reforma, rehabilitación, ampliacións, etc... das vivendas, volven a ser as parroquias situados ó este, ademais de Xía, as de maior número de solicitude, incluído o solo urbano, evidentemente.

PARROQUIA	NÚMERO DE LICENZAS
Anafreita	9
Anxeriz	4
Brá	4
Carballo	5

Asentamento poboacional

Aprobación inicial - Marzo 2.013

PARROQUIA	NÚMERO DE LICENZAS
Carlín	2
Condes	23
Cota	5
Cotá	11
Devesa	13
Frial	60
Guimarei	1
Guldriz	7
Lamas	1
Madelos	1
Miraz	3
Narla	17
Nodar	9
Ousa	9
Pacio	5
Prado	3
Ramelle	3
Rocha	3
Roimil	6
S Cibrao	6
Seixon	9
Seoane	1
Seren	1
Silvela	5
Trasmonte	3
Villalvite	16
Xia	15

Pola contra o menor número de licenzas rexístranse nas parroquias colindante ó solo urbano de Frial, poderíase por mor dun movemento á capitalidade deste o entorno máis próximo. En cores laranxas aparecen as parroquias pertencentes á este último grupo, mentres que en cores verdes as de maior demanda de licenzas.



1.2.3 Estrutura do viario

En moitos casos os núcleos rurais caracterízanse pola dispersión das súas edificacións, polo que é difícil identificar a súa estrutura urbana. A agrupación de edificacións estrutúrase e desenvolve normalmente sobre a base dun ou varios camiños.

Os núcleos do termo municipal atopan ao pe ou son atravesados por estradas do sistema viario, de titulariedade Autonómica, Provincial ou Local aínda que, en xeral, aínda estando próximos ás estradas principais non todas se desenvolven ao longo delas.

O sistema actual do viario dos núcleos redúcese case exclusivamente a estas vías de comunicación e outras complementarias que se foron abrindo ao longo do tempo de acordo con necesidades sobrevidas. Noutros

Asentamento poboacional

Aprobación inicial - Marzo 2013

casos o viario intúese polos baldíos entre edificacións máis ou menos aliñadas.

A rede viaria complétase con camiños de ancho irregular e con distinto grao de pavimentación, que xeran nalgúns casos unha aliñación de edificación e/ou intérnanse no territorio para dar acceso ás terras ou para formar unha rede de comunicacións municipal.

1.2.4 Usos complementarios.

A proximidade e o pequeno tamaño dos núcleos impide que teñan unha personalidade tan acusada como os doutras zonas onde as distancias entre eles son maiores. Isto fai que en moitos casos sexan exclusivamente residenciais, carecendo de calquera tipo de comercio.

Algúns núcleos contan con tenda de alimentación, bazar e bar, en moitos casos nun único establecemento e xeralmente asociada á vivenda familiar.

Polo xeral o uso complementario característico é o agrícola, polo que é habitual usos residenciais do 60% das edificacións, como resultado da ocupación por alpendres, garaxes e outras edificacións de tipo auxiliar como hórreos.

PARROQUIA	Promedio de uso residencial (%)
ANAFREITA (SAN PEDRO)	71
ANXERIZ (SANTA MARIA)	64
BRA (SAN MARTIÑO)	80
CARBALLO (SAN XIAO)	74
CARLÍN (SANTA MARÍA)	62
COTÁ (SAN MARTIÑO)	77
FRIOL (SAN XIAO)	67
GUIMAREI (SANTA MARÍA)	64
GULDRIZ (SANTIAGO)	70
LAMAS (SANTA MARÍA)	54
LEA (SAN XURXO)	60
MADELOS (SANTALLA)	37
MIRAZ (SANTIAGO)	71
NARLA (SAN PEDRO)	73
NODAR (SAN MAMEDE)	72
OUSÁ (SAN XIAO)	69
PACIO (O) (SANTA MARÍA)	63
PRADO (SAN MARTIÑO)	56
RAMELLE (SANTA MARIA)	56

PARROQUIA	Promedio de uso residencial (%)
ROCHA (SAN COSMEDE)	42
ROIMIL (SAN XIAO)	64
SAN CIBRAO DA PREGACION (SAN CIBRAO)	64
SAN MARTIÑO DE CONDES (SAN MARTIÑO)	74
SANTALLA DE DEVESA (SANTALLA)	52
SEIXÓN (SAN PAIO)	69
SEOANE DA PREGACIÓN (SAN XOÁN)	82
SERÉN (SANTA CRUZ)	81
SILVELA (SANTA MARÍA)	67
TRASMONTA (SANTIAGO)	78
VILAFIZ (SANTA MARÍA)	62
VILALVITE (SAN PEDRO)	60
XIÁ (SANTA MARÍA)	65
Total	67

Cabe destacar cifras como as descritas en , onde teñen grande importancia as edificacións destinadas a usos agrogandeiros, como estabulacións ou naves avícolas.

PARROQUIA	Explotacións agropecuarias ou avícolas
ANAFREITA (SAN PEDRO)	6
ANXERIZ (SANTA MARIA)	6
BRA (SAN MARTIÑO)	3
CARBALLO (SAN XIAO)	8
CARLÍN (SANTA MARÍA)	5
COTÁ (SAN MARTIÑO)	4
FRIOL (SAN XIAO)	1
GUIMAREI (SANTA MARÍA)	3
GULDRIZ (SANTIAGO)	3
LAMAS (SANTA MARÍA)	1
LEA (SAN XURXO)	6
MADELOS (SANTALLA)	5
MIRAZ (SANTIAGO)	4
NARLA (SAN PEDRO)	10
NODAR (SAN MAMEDE)	11
OUSÁ (SAN XIAO)	8
PACIO (O) (SANTA MARÍA)	7

Asentamento poboacional

Aprobación inicial - Marzo 2.013

PRADO (SAN MARTIÑO)	7
RAMELLE (SANTA MARIA)	4
ROCHA (SAN COSMEDE)	5
ROIMIL (SAN XIAO)	8
SAN CIBRAO DA PREGACION (SAN CIBRAO)	3
SAN MARTIÑO DE CONDES (SAN MARTIÑO)	15
SANTALLA DE DEVESA (SANTALLA)	6
SEIXÓN (SAN PAIO)	5
SEOANE DA PREGACIÓN (SAN XOÁN)	2
SERÉN (SANTA CRUZ)	1
SILVELA (SANTA MARÍA)	8
TRASMONTA (SANTIAGO)	3
VILAFIZ (SANTA MARÍA)	6
VILALVITE (SAN PEDRO)	12
XIÁ (SANTA MARÍA)	22
Total	198

1.2.5 Espazos libres e equipamentos.

Exceptuando aqueles núcleos que se desenvolven xunto a algunha das igrexas parroquiais, na súa gran maioría non chegan a conformar espazos comúns recoñecibles de desfrute colectivo.

Nalgúns casos existen espazos, xeralmente privados, onde se celebran as festas parroquiais.

Noutros existen zonas onde se celebran as feiras e mercados periódicos. É frecuente que as igrexas parroquiais se atopen illadas e son poucos os que teñen algunha edificación destinada a servizos públicos, (xeralmente escolas unitarias abandonadas e lavadoiros).

Todas elas (os espazos libres e equipamentos ubicados fora do solo urbano), teñen a consideración de local.

PARROQUIA	NUMERO	NUCLEO	nome categoria	NOMBRE
ANAFREITA (SAN PEDRO)	1186	RÍO (O)	CEMITERIO	Cemiterio
	1187	CURRAL DOS MATEOS (O)	SERVIZOS PÚBLICOS	Fonte
	700	RÍO (O)	RELIXIOSO	Igrexa
	978	CURRAL DOS PAOS (O)	SERVIZOS PÚBLICOS	Lavadoiro
ANXERIZ (SANTA MARÍA)	1100	ANXERIZ	SOCIOCULTURAL	Centro sociocultural
	1101	LAXE (A)	INFRAESTRUTURAS	Depósito
	1102	ANXERIZ	CEMITERIO	Cemiterio
	701	ANXERIZ	RELIXIOSO	Igrexa

PARROQUIA	NUMERO	NUCLEO	nome categoria	NOMBRE
BRA (SAN MARTIÑO) CARBALLO (SAN XIAO)	979	FERREIRA	SERVIZO PÚBLICO	Fonte e Pozo
	1103	BRA	CEMITERIO	Cemiterio
	1104	CARBALLOSA (A)	OCIO	Palco
	1105	FROXELLE	SERVIZOS PÚBLICOS	Lavadoiro
	1106	LAXE (A)	SOCIOCULTURAL	Centro sociocultural
	1107	PEREIRA (A)	SOCIOCULTURAL	Centro sociocultural
CARLÍN (SANTA MARÍA)	1108	CARBALLOSA (A)	CEMITERIO	Cemiterio
	1188	LAXE (A)	SERVIZOS PÚBLICOS	Lavadoiro
	1233	CARBALLOSA (A)	ESPAZOS LIBRES	Campo da festa
	705	CARBALLOSA (A)	RELIXIOSO	Igrexa
	980	CARBALLOSA (A)	SERVIZOS PÚBLICOS	Fonte
COTÁ (SAN MARTIÑO)	1109	CARLÍN	CEMITERIO	Cemiterio
	1110	TAÍN	EDUCATIVO	Antiga escola
	1116	COTÁ	EDUCATIVO	Antiga escola
GUIMAREI (SANTA MARÍA)	1117	COTÁ	INFRAESTRUTURAS	Depósito
	708	COTÁ	RELIXIOSO	Igrexa
	1120	GUIMAREI DE ARRIBA	CEMITERIO	Cemiterio
	1222	GUIMAREI DE ARRIBA	ESPAZOS LIBRES	Campo da festa
	711	CAMPO DA FEIRA (O)	RELIXIOSO	Igrexa
GULDRIZ (SANTIAGO)	764	CAMPO DA FEIRA (O)	RELIXIOSO	Capela
	1121	GULDRIZ DE ABAIXO	OCIO	Palco
	1122	GULDRIZ DE ABAIXO	SOCIOCULTURAL	Centro sociocultural
	1123	GULDRIZ DE ABAIXO	CEMITERIO	Cemiterio
	1224	GULDRIZ DE ABAIXO	ESPAZOS LIBRES	Campo da festa
LAMAS (SANTA MARÍA)	712		REIXIOSO	Igrexa
	1124	LAMAS	SOCIOCULTURAL	Centro sociocultural
	1125	LAMAS	OCIO	Palco
	1234	LAMAS	ESPAZOS LIBRES	Campo da festa
	713	LAMAS	RELIXIOSO	Igrexa
LEA (SAN XURXO)	1127	CURRAL DE ARRIBA (O)	CEMITERIO	Cemiterio
	1128	OUTEIRO (O)	SOCIOCULTURAL	Centro sociocultural
	1129	PRADEDIA	INFRAESTRUTURAS	Depósito
	1130	PRADEDIA	SERVIZOS PÚBLICOS	Lavadoiro
	714	CURRAL DE ARRIBA (O)	RELIXIOSO	Igrexa

Asentamento poboacional

Aprobación inicial - Marzo 2.013

PARROQUIA	NUMERO	NUCLEO	nome categoria	NOMBRE
MADELOS (SANTALLA)	1131	PENAS (AS)	INFRAESTRUTURAS	Depósito
	1132	VILA GRANDE (A)	CEMITERIO	Cemiterio
MIRAZ (SANTIAGO)	1129	LAXES (AS)	ESPAZO LIBRE	Campo da festa
	1133	LAXES (AS)	INFRAESTRUTURAS	Depósito
	1135	LAXES (AS)	SERVIZOS PÚBLICOS	Albergue
	1136	LAXES (AS)	CEMITERIO	Cemiterio
	716	LAXES (AS)	RELIXIOSO	Igrexa
	994	LAXES (AS)	SERVIZOS PÚBLICOS	Antiga escola
NARLA (SAN PEDRO)	996	LAXES (AS)	SERVIZOS PÚBLICOS	Fonte-Lavadoiro
	1137	EIREXE (A)	CEMITERIO	Cemiterio
	1138	PORREIRA (A)	EDUCATIVO	Antiga escola
	1139	PORREIRA (A)	OCIO	Palco
	1228	PORREIRA (A)	ESPAZOS LIBRES	Campo da festa
	717	EIREXE (A)	RELIXIOSO	Igrexa
NODAR (SAN MAMEDE)	759	CIMA DE VILA	RELIXIOSO	Capela
	1140	CABANA (A)	EDUCATIVO	Antiga escola
	1141	CABANA (A)	SERVIZOS PÚBLICOS	Lavadoiro
	1141	CABANA (A)	SERVIZOS PÚBLICOS	Lavadoiro
	1142	TRAVESA DE LEDRO (A)	INFRAESTRUTURA	Depósito
	1143	TRAVESA DE LEDRO (A)	INFRAESTRUTURA	Depósito
	1144	TRAVESA DE LEDRO (A)	INFRAESTRUTURA	Depósito
	1145	SAMEDE	OCIO	Palco
	1146	SAMEDE	CEMITERIO	Cemiterio
	1231	SAMEDE	ESPAZOS LIBRES	Campo da festa
OUSÁ (SAN XIAO)	718	SAMEDE	RELIXIOSO	Igrexa
	763	SANTO ESTEVO	RELIXIOSO	Capela
	1014	VILAR (O)	ESPAZO PUBLICO	Lavadoiro
	1147	CAMPO (O)	OCIO	Palco
	1148	VILAR (O)	OCIO	Palco
	1226	CAMPO (O) DA FEIRA (O)	ESPAZOS LIBRES	Campo da festa
	1235	VILAR (O)	ESPAZOS LIBRES	Campo da festa
	1236	MOZÓN (O)	SERVIZOS PÚBLICOS	Centro Social
PACIO (O) (SANTA MARÍA)	1237	MOZÓN (O)	ESPAZOS LIBRE	Campo da festa
	1150	BURGO DE NEGRAL (O)	SERVIZOS PÚBLICOS	Lavadoiro
	1151	PACIO	CEMITERIO	Cemiterio
	1235	VILACARPIDE	ESPAZO LIBRE	Campo da festa

PARROQUIA	NUMERO	NUCLEO	nome categoria	NOMBRE
	720	PACIO (O)	RELIXIOSO	Igrexa
PRADO (SAN MARTIÑO)	1152	EMPALME (O)	OCIO	Palco
	1153	EMPALME (O)	SOCIOCULTURAL	Centro sociocultural
	1189	PRADO DE ABAIXO (O)	CEMITERIO	Cemiterio
	1230	EMPALME (O)	ESPAZOS LIBRES	Campo da festa
	721	PRADO DE ARRIBA (O)	RELIXIOSO	Igrexa
RAMELLE (SANTA MARÍA)	1154	CASBARREIRO	OCIO	Palco
	1155	CASBARREIRO	SOCIOCULTURAL	Centro sociocultural
	1156	RAMELLE	CEMITERIO	Cemiterio
	1232	CASBARREIRO	ESPAZOS LIBRES	Campo da festa
	722	RAMELLE	RELIXIOSO	Igrexa
ROCHA (SAN COSMEDE)	1157	CARREGAL (O)	OCIO	Palco
	1158	CARREGAL (O)	SOCIOCULTURAL	Centro sociocultural
	1159	MALPICA	CEMITERIO	Cemiterio
	1220	CARREGAL (O)	ESPAZOS LIBRES	Campo da festa
	723	MALPICA	RELIXIOSO	Igrexa
ROIMIL (SAN XIAO)	1160	CAMPO DA FEIRA (O)	SERVIZOS PÚBLICOS	Centro sociocultural
	1161	PAZO (O)	CEMITERIO	Cemiterio
	724	PIÑEIRO	RELIXIOSO	Igrexa
SAN CIBRAO DA PREGACIÓN (SAN CIBRAO)	1162	VILAR (O)	CEMITERIO	Cemiterio
	1223	VILAR (O)	ESPAZOS LIBRES	Campo da festa
	702	SAN CIBRAO	RELIXIOSO	Igrexa
SAN MARTIÑO DE CONDES (SAN MARTIÑO)	1111	CANCELA (A)	INFRAESTRUTURAS	Depósito
	1112		INFRAESTRUTURAS	Depuradora
	1113	QUINTIÁ	SOCIOCULTURAL	Centro sociocultural
	1114	RACAMONDE	SERVIZOS PÚBLICOS	Lavadoiro
	1115	SAN MARTIÑO	CEMITERIO	Cemiterio
	707	SAN MARTIÑO	RELIXIOSO	Igrexa
	755	DEVESA (A)	RELIXIOSO	Capela
	770	SANTA EUFEMIA	RELIXIOSO	Capela
SANTALLA DE DEVESA (SANTALLA)	1118	SISTO	OCIO	Palco
	1119	DEVESA (A)	CEMITERIO	Cemiterio

Asentamento poboacional

Aprobación inicial - Marzo 2.013

PARROQUIA	NUMERO	NUCLEO	nome categoria	NOMBRE
SEIXÓN (SAN PAIO)	1225	SISTO	ESPAZOS LIBRES	Campo da festa
	709		RELIXIOSO	Igrexa
	1163	seixon DE ABAIXO	SOCIOCULTURAL	Centro sociocultural
	1164	SEIXÓN DE ABAIXO	CEMITERIO	Cemiterio
	725	SEIXÓN DE ARRIBA	RELIXIOSO	Igrexa
SEOANE DA PREGACIÓN (SAN XOÁN)	1165	MUNDÍN	SERVIZOS PÚBLICOS	Lavadoiro
	1166	MUNDÍN	SERVIZOS PÚBLICOS	Fonte
	1167	SEOANE	CEMITERIO	Cemiterio
	703	SEOANE	RELIXIOSO	Igrexa
SERÉN (SANTA CRUZ)	1168	SERÉN	CEMITERIO	Cemiterio
	726	SERÉN	RELIXIOSO	IGREXA
SILVELA (SANTA MARÍA)	1169	PEDRAMAIOR	SERVIZOS PÚBLICOS	Lavadoiro
	1170	PEDRAMAIOR	SOCIOCULTURAL	Centro sociocultural
TRASMONTA (SANTIAGO)	1171	PEDRAMAIOR	INFRAESTRUTURAS	Depósito
	1239	EIREXE (A)	CEMITERIO	Cemiterio
	727	EIREXE (A)	RELIXIOSO	Igrexa
	1172	CALLE (A)	SOCIOCULTURAL	Centro sociocultural
	1173	CALLE (A)	CEMITERIO	Cemiterio
VILAFIZ (SANTA MARÍA)	1227	CALLE (A)	ESPAZOS LIBRES	Campo da festa
	728	CALLE (A)	RELIXIOSO	Igrexa
	1019	LAXES (AS)	SOCIOCULTURAL	escola antiga
	1174	GONCE	SERVIZOS PÚBLICOS	Fonte
VILALVITE (SAN PEDRO)	1240	LAXES (AS)	CEMITERIO	Cemiterio
	1000	SANTA MARTA	SERVIZOS PÚBLICOS	Fonte
	1175	CARBALLOSA (A)	EDUCATIVO	Antiga escola
	1176	SANTA MARTA	OCIO	Palco
	1231	CAMOIRAS (AS)	CEMITERIO	Cemiterio
XIÁ (SANTA MARÍA)	730	CAMOIRAS (AS)	RELIXIOSO	Igrexa
	762	SANTA MARTA	RELIXIOSO	Capela
	999	SANTA MARTA	ESPAZOS LIBRES	Campo da festa
	1177	ABELEDÓ	SERVIZOS PÚBLICOS	Lavadoiro
	1178	FOLGAR (O)	SERVIZOS PÚBLICOS	Lavadoiro
	1179	FREIXIDO (O)	SERVIZOS PÚBLICOS	Lavadoiro
	1180	FREIXIDO (O)	INFRAESTRUTURAS	Depósito

PARROQUIA	NUMERO	NUCLEO	nome categoria	NOMBRE
	1181	LOUSADO (O)	SERVIZOS PÚBLICOS	Lavadoiro
	1182	POZAS (AS)	SERVIZOS PÚBLICOS	Lavadoiro
	1183	RÉTEDE	SERVIZOS PÚBLICOS	Lavadoiro
	1184	XIÁ	CEMITERIO	Cemiterio
	1185	XIÁ	SOCIOCULTURAL	Centro sociocultural
	1221	XIA	ESPAZOS LIBRES	Campo da festa
	731	EIREXE (A)	RELIXIOSO	Igrexa

1.2.6 Servizos urbanísticos.

Os núcleos rurais dispoñen dos seguintes servizos urbanísticos:

- Abastecemento de auga Algúns
- Saneamento Ningún
- Iluminación pública Todos
- Distribución de enerxía eléctrica Todos
- Telefonía Todos

Moitos dos núcleos rurais carecen dalgún dos servizos urbanos básicos, como rede de saneamento ou abastecemento de auga.

Asentamento poboacional

Aprobación inicial - Marzo 2.013

2. CARACTERÍSTICAS DAS CONSTRUCIÓN TRADICIONAIS

2.1 ELEMENTOS DA UNIDADE RESIDENCIAL-PRODUTIVA

As actividades tradicionais no municipio, ao igual que noutros da Galicia interior, se caracterizaron secularmente por un uso non intensivo do territorio, o que supuxo un aproveitamento sostible dos compoñentes da biodiversidade.

Por outra parte a ocupación do home supuxo unha enorme transformación dos hábitats naturais, se ben na actualidade moitas paisaxes agrarias resultantes daquela secular antropización atópanse hoxe tamén en franca regresión. Este feito supón unha perda de endemismos asociados a estes ecosistemas agrosilvopastorais.

A realidade social e demográfica do mundo rural tradicional, baseada en economía de autosuficiencia en lugares e aldeas orixinou a aparición de hábitats seminaturais, xestionados por gandeiros e agricultores mediante prácticas tradicionais que non cambiaron en séculos.

Non obstante danse circunstancias especiais e identificativas no Concello de Friol, como é o caso das unidades de produción avícola, concentradas nunha área concreta, de tipo tradicional, que contan cun toponimo antigo, como no caso das casas dos galiñeiros, e que constitúen unha tipoloxía de vivenda e nave avícola nunha ampla superficie, onde as parcelas de gran tamaño así o permiten, pero cocentradas nunha ampla superficie de terreo.

2.2 EDIFICACIÓNS RESIDENCIAIS

Os núcleos rurais caracterízanse por un parque residencial constituído por edificacións antigas construídas na súa maioría antes da 1ª metade do século XX.

Estas construcións responden a unha



tipoloxía rural, e están perfectamente adaptadas ás condicións do ámbito no que se sitúan: clima, chan, topografía,...Son case exclusivamente residenciais, habitadas en por unha única familia, na que poden convivir varias xeracións.

